

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 24/02/2020  
(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**Lista de asistentes**

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

**SECRETARIO/A**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 24/02/2020 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 17 de febreiro de 2020, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2020/0779**

Dáse conta do escrito presentado por D. Miguel Corredoira González, solicitando a cesión da explanada do estacionamento de vehículos situada na marxe dereita do vial de acceso ao Polígono do Pousadoiro para a realización de entrenamentos de Stunt (acrobacias en moto).

A Xunta de Goberno Local acorda non conceder a autorización solicitada, dado que sería necesario pechar a zona ao tráfico para garantir a seguridade.

**PRP2020/0780**

Dáse conta do escrito da Mancomunidade do Salnés en relación ó recurso contencioso-administrativo Procedemento Ordinario nº27/2020, seguido no Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Pontevedra, interposto polo Concello de Vilanova de Arousa, contra a convocatoria da sesión extraordinaria de constitución da Mancomunidade do Salnés e contra os acordos adoptados na dita sesión de 16-12-2019. Concedendo un prazo á Mancomunidade de vinte días para que se remita ao Xulgado o expediente administrativo completo, e o emprazamento aos interesados no mesmo.

Dáse conta do Decreto emitido pola presidencia da Mancomunidade que literalmente di:

1º Tomar razón do Recurso contencioso-administrativo (Procedemento Ordinario nº27/2020) interposto por concello de Vilanova de Arousa contra a convocatoria da sesión extraordinaria de constitución da Mancomunidade do Salnés e contra os acordos adoptados na dita sesión de 16-12-2019.

2º A Remisión ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Pontevedra, do expediente administrativo de convocatoria da sesión extraordinaria de constitución da Mancomunidade do Salnés e acordos adoptados na dita sesión de 16-12-2019.

3º O emprazamento e notificación desta resolución, como interesados no expediente, aos Concellos de: Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo e Vilagarcía de Arousa, que quedan emprazados para que poidan comparecer e persoarse en autos no prazo de nove días.

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: que o Concello de Vilagarcía de Arousa se persone no Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Pontevedra, no procedemento ordinario nº27/2020.

Segundo: que a representación e defensa dos intereses do Concello sexa exercida polos produtores:

D. Luis Valdes Albillo  
Dona Ana Santacecilia Escudero  
Dona Andrea Estévez Santoro  
Dona María Dolores Neira López  
Dona Alicia Lodos Pazos  
D. Ignacio Prado de Vera López  
Dona Maria Granizo Palomeque

e polo letrado D. Alexander Domínguez Vidal, coa finalidade de que comparezan e se presenten en nome e representación do Concello nos procedementos citados.

Terceiro: Os letrado D. Alexander Domínguez Vidal emitirá ao Concello de Vilagarcía de Arousa, o orzamento de honorarios que correspondan polos traballos profesionais que realice.

#### **PRP2020/0781**

Dáse conta dos escritos presentados pola Asociación de Veciños Agolpelleira de A Torre e a Asociación Cultural San Miguel Arcangel de Trabanca Badiña, solicitando autorización para celebrar unha cea baile de entroido o sábado 29 de febreiro, no Pavillón Municipal de A Torre e na Casa de Cultura de Trabanca Badiña. A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado debendo cumprir os seguintes requisitos:

1º O aforo debe de comprobarse e respectarse en todo momento, sendo responsable a promotora do evento, que en caso de ver superadas as súas previsións e controis, o porá inmediatamente en coñecemento da Policía Local, Emerxencias Municipais ou Emerxencias da Xunta.

2º Todas as portas deben de estar permanentemente bloqueadas en posición de apertura completa, a as saídas de emerxencia deberán ter sempre acceso libre.

3º Durante o desenrolo da actividade o solicitante se reponsabilizará da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

4º A zona exterior deberá estar libre de estacionamento nas zonas de evacuación ou saída de xente da instalación.

Non consta seguro de responsabilidade civil presentado pola Asociación de Veciños Golpelleira de A Torre, polo que deberán presentalo.

#### **PRP2020/0782**

A Xunta de Goberno Local acorda deixar sen efecto o acordo de Xunta de Goberno Local de data 3 de febreiro de 2020 de aprobación gasto para reforzar a zona baixa das casetas do Nadal, por un importe total de 3.213,93 € (IVE incluído), debido a un erro na consignación orzamentaria, quedando o mesmo pendente ata a aprobación definitiva do Orzamento Municipal de 2020.

#### **PRP2020/0783**

Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por VIVEROS O PIÑEIRO SL para o subministro de material específico para reposición e reparación de posibles avarías para o correcto funcionamento do rego, por un importe total de 2.999,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/0784**

Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Soluciones Ecológicas Kimu 2000 SL, para o subministro de produto para eliminar o verdin (Forin algen), por un importe total de 1.794,43 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22199.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

#### **PRP2020/0785**

Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Baygar SL para reparación e mantemento do touro cortacespede 74924 do citado Servizo, por un importe total de 2.146,15 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/0786**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de febreiro de 2020, de aprobación de orzamento presentado por Construccións, Obras e Viais SA para o subministro de aglomerado, frío, quente e emulsión destinado á reparación de camiños para o correcto funcionamento do Servizo de Vías Públicas durante o exercicio 2020, figurando no mesmo por un importe estimado de 16.330,70 € (IVE incluído), e debendo figurar por un importe estimado de 15.330,70 € (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local que da sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

#### **PRP2020/0787**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por ALVEGAL SL, para o aluguer durante 12 meses, contados a partir da data de entrega, dun vehículo NISSAN NAVARA PICK UP DOBRE CABINA VISIA 4x4, en substitución do vehículo LAND ROVER matrícula 9994-BLV, que se atopa avariado, por un importe mensual de 968,00 € (IVE incluído), dando un total polos doce meses de 11.616,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.204.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/0788**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas - Promoción Cultural, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Construcciones Metalicas Cuevas SL para o subministro e colocación de persiana de seguridade no Centro Cultural de Bamio, por un importe total de 2.515,81 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/0789**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas - Mellora Rural, a Xunta de Goberno local acorda aprobar o orzamento presentado por Dieguez SL para o aluguer por horas de camión guindastre e pá retro-excavadora con cazo, nos momentos en que por acumulación de tarefas no Departamento de obras sexa preciso por ser insuficientes os medios municipais durante o ano 2020, por un importe total de 6.957,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.203, coa seguinte desagregación:

- Máquina retro-excavadora: 50 horas a 35 €/hora
- Camión-guindastre: 100 horas a 40 €/hora

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/0791**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Rita Cores Osorio, en representación de Asociación de Veciños Agustín Romero, solicitando que por parte do Concello se leven a cabo os trámites necesarios para que se dote o lugar de Outeiro co servizo de fibra óptica que permita o acceso a internet de banda ancha, dado que está instalada ata poucos metros das vivendas que agora o solicitan.

A Xunta de Goberno Local acorda apoiar a petición e remitir a solicitude á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia - AMTEGA, para que se proceda á instalación da fibra óptica no lugar á maior brevidade.

#### **PRP2020/0792**

Dáse conta do escrito remitido pola Federación Española de Municipios y Provincias - FEMP en relación co Convenio de colaboración suscrito entre o Ministerio de Interior e a FEMP para que esta xestione cos municipios a oferta de prazas que permita o efectivo cumprimento das penas de traballo en beneficio da comunidade no ámbito territorial de cada municipio e solicitando se indique o número de prazas ofertadas polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2020/0793**

Dáse conta da sanción nº expediente 307/2020 por circular a unha velocidade entre 51 e 70 km/h. estando limitado a 50 km/h, do vehículo de propiedade municipal, matrícula 4331KFG, adscrito ao Servizo de Parques e Xardíns, e solicitude de identificación do condutor.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2020/0794**

Dáse conta de informe da Policía Local en relación coa colocación de valos e paneis publicitarios en varias rúas da Cidade, no que se fai referencia a que a Xunta de Goberno Local de data 29 de agosto de 2016 acordou a finalización dos convenios coas Empresas Proelite e Servicios Urbanos Costa Atlántica SL, pasando os postes orientativos a ser de propiedade municipal.

Indican así mesmo que na actualidade se comprobou que en varios puntos da localidade existen paneis publicitarios recentes, e feitas as averiguacións correspondentes comprobouse que por parte da Empresa PUBLIRIAS SL e PUBLIVIAL se venden espazos publicitarios nos citados paneis.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda requirir ás citadas empresas para que se absteñen de vender espazos publicitarios nos paneis citados que se atopan a pé da rúa, por ser os mesmos de propiedade municipal e ter previsto o Concello proceder á súa retirada.

## **RECURSOS HUMANOS**

#### **PRP2020/0761**

Dáse conta das bases xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos que convoque o Concello de Vilagarcía de Arousa para a selección de persoal funcionario de carreira no marco de execución da Oferta Pública de Emprego 2019.

Grupo	Denominacion plaza	Escala/clase/categoría	Nº
A2	Técnico de gestión	Administración general/gestión	1
A2	Ingeniero técnico	Administración especial/técnica/medio	1
A2	Técnico de cultura	Administración especial/técnica/medio	1
A2	Técnico/a en prevención de conductas adictivas	Administración especial/técnica/medio	1
A2	Inspector/a	Administración especial/ejecutiva	1
C1	Policía	Administración especial/básica	1
C1	Policía (de movilidad)	Administración especial/básica	2
C1	Delineante-proyectista	Administración especial/técnica/auxiliar	1

C1	Técnico de deportes	Administración especial/técnica/medio	1 (T/parcial)
C2	Auxiliar administrativo	Administración general/auxiliar	3
AP	Subalerno	Administración general/subalterna	2 (1 T/parcial)
AP	Operario conductor-maquinista	Administración especial/cometidos especiales	1
AP	Operario albañil	Administración especial/personal de oficios	2
AP	Operario servicios	Administración especial/personal de oficios	8 (5 FPSDM)

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as citadas bases.

### **PRP2020/0776**

Dáse conta da Resolución da Deputación Provincial, relativa ao Plan Provincial de Obras e Servizos. Plan Concellos 2020. Liña 3. Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, pola que se concede ó Concello de Vilagarcía 311.465,09€ destinados á contratación laboral de 36 traballadores/as, cunha xornada de traballo a tempo completo e por un período de 9 meses(35 postos) e unha xornada a tempo parcial de 20 horas semanais durante 9 meses (1 posto), correspondendo unha aportación municipal de 192.353,74€:

- 4 Empregados Auxiliares Administrativos en xeral.
- 1 Monitor e/ou Animador Deportivo.
- 11 Axudantes Albaneis
- 3 Peóns Forestais
- 2 Pintores e/ou empapeladores
- 4 Instaladores electricistas
- 1 Carpinteiro en xeral
- 1 Fontaneiro
- 1 Soldador para arco eléctrico en xeral
- 4 Traballadores de Conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos
- 1 Sepultureiro/enterrador.
- 1 Peón Laceiro/recollida de animais.
- 1 Axudante mantedor de instalacións deportivas.
- 1 Conductor operador de retroescavadora.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar as citadas bases.

## **EMPREGO**

### **PRP2020/0822**

Dáse conta da xustificación final do Plan Concellos 2019 - Liña 3 - Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, pola que se concedeu ao Concello de Vilagarcía unha subvención por importe de 326.442,29 € destinados á contratación laboral de 36 traballadores/as, cunha xornada de traballo a tempo completo e por un período de 9 meses.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2020/0823**

Dáse conta da Resolución da Deputación Provincial, relativa ao Plan Provincial de Obras e Servizos. Plan Concellos 2020. Liña 3. Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, pola que se concede ó Concello de Vilagarcía 311.465,09€ destinados á contratación laboral de 36 traballadores/as, cunha xornada de traballo a tempo completo e por un período de 9 meses(35 postos) e unha xornada a tempo parcial de 20 horas semanais durante 9 meses (1 posto), correspondendo unha aportación municipal de 192.353,74€:

- 4 Empregados Auxiliares Administrativos en xeral.
- 1 Monitor e/ou Animador Deportivo.
- 11 Axudantes Albaneis

- 3 Peóns Forestais
- 2 Pintores e/ou empapeladores
- 4 Instaladores electricistas
- 1 Carpinteiro en xeral
- 1 Fontaneiro
- 1 Soldador para arco eléctrico en xeral
- 4 Traballadores de Conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos
- 1 Sepultureiro/enterrador.
- 1 Peón Laceiro/recollida de animais.
- 1 Axudante mantedor de instalacións deportivas.
- 1 Conductor operador de retroescavadora.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2020/0824**

Vista a proposta do Director do Obradoiro de Emprego Labora Xove 2019, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Kaeme Consultoría y Prevención SL para a impartición da formación complementaria relativa a "Creación de Empresas", de 20 horas presenciais, para os alumnos do obradoiro, por un prezo total de 795,00 con cargo á partida 2412.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **SANIDADE**

#### **PRP2020/0821**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xaneiro de 2020 de expedición de permiso municipal de conductor a favor de Dona M<sup>a</sup> Del Pilar Gomez García, figurando no mesmo:

....expedición de permiso municipal de conductor ó seu favor, para conduci-lo vehículo adscrito á licenza de Taxi nº 16, da que é titular D. Javier Millán Vilanova.

E debendo figurar:

....expedición de permiso municipal de conductor ó seu favor, para conduci-lo vehículo adscrito á licenza de Taxi nº 6, da que é titular D. Javier Millán Vilanova.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

#### **PRP2020/0743**

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Fernández Somoza, como titular das unidades de enterramento número V3866 e V3867 do Cemiterio Municipal de Vilagarcía de Arousa, solicitando o cambio de titularidade das citadas unidades de enterramento a favor da súa filla D<sup>a</sup>. Pilar Fernández Torres.

Examinada a documentación obrante no Arquivo Municipal, compróbase que mediante acordo da Comisión de Goberno de data 16 de novembro de 1998, adxudícanse as unidades de enterramento de referencia a nome de D. Juan Fernández Somoza.

Unha vez comprobada a documentación presentada e visto o informe emitido a Xunta de Goberno Local acorda o cambio de titularidade das Unidades de Enterramento abaixo indicadas

Cemiterio Xeral de Vilagarcía			
Número UE	Anterior Titular	Data Adx	Data Baixa
3866	D. Juan Fernández Somoza	16/11/1998	24/02/2020
3867	D. Juan Fernández Somoza	16/11/1998	24/02/2020

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

### TURISMO

#### PRP2020/0773

Dáse conta da seguinte proposta da Concellería de Turismo:

A Concellería de Turismo está a traballar na procura de dotar a Praia Concha-Compostela de máis atractivos e actividades para que a afluencia de usuarios siga incrementándose, o que provocará tamén máis público nas rúas de Vilagarcía, co beneficio que iso supón para todo o sector da hostalería en xeral.

No marco desa iniciativa, contactouse coa empresa AVENTURA NOROESTE, que está interesada na instalación dun parque acuático multiaventura na Praia Concha-Compostela, que sería un dos primeiros en Galicia, dende primeiros de xullo ata finais de setembro deste ano.

O parque ten unhas medidas de 28x22,5 m, o que supón unha superficie de 715 m<sup>2</sup>, estaría balizado en todo o seu perímetro e conta con 2 ou máis monitores para controlar a actividade.

Dado que a instalación deste parque na nosa praia vai supoñer unha promoción de Vilagarcía e un atractivo máis para achegarse ata aquí e que non supón gasto para este concello, a Xunta de Goberno Local acorda mostrar a conformidade con esta instalación durante a tempada de verán 2020 e solicitar diante da Xefatura Provincial de Costas a autorización pertinente.

#### PRP2020/0774

Dáse conta de proposta da Concellería de Turismo en relación coas melloras que se pretenden realizar no Museo do Ferrocarril de Vilagarcía para ampliar os seus atractivos coa instalación de diversas pezas cedidas pola Fundación dos Ferrocarriles e o cambio dos seus contidos.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Juan Carlos Porto Bouzas para recopilación de documentación, deseño dos paneis nos que expoñela, elaboración dunha galería fotográfica e dixitalización de contidos para a exposición no Museo do Ferrocarril, por un importe total de 4.027,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### PRP2020/0775

Dáse conta de Resolución da Axencia Turismo de Galicia, do 2 de xaneiro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020.

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

· Solicitar subvención para a contratación dunha persoa, do 15 de maio ata o 30 de setembro, co seguinte custe económico:

Salario medio mensual con prorrata pagas extra	SS empresa mes	Total/mes
1.425,86 €	499,05 €	1.929,41 €

- Custe total dos 4 meses e medio: 8.662,10 €

- Subvención máxima: Poderá acadar un máximo de 7.000,00 €

## POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

## **MULLER E PERSOAS MAIORES**

### **PRP2020/0748**

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, en relación á solicitude de subvención á Secretaría Xeral de Igualdade para o programa de apoio e mantemento do CIM, ao abeiro da resolución de data 19 de decembro de 2019, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude da citada subvención para Liña 1 Programa de apoio e mantemento do CIM: Programa de apoio aos postos de dirección, apoio psicolóxico e asesoramento xurídico por importe total de 51.121,19 € para o período 01/04/2020 a 31/03/2021, sendo o importe máximo subvencionable 45.000,00 €.
- Designar a Dona Julia Barbosa Sánchez, que ocupa o posto de Directora do CIM para tarefas de coordinación e comunicación co SXI.
- Financiamento con cargo ós orzamentos desta entidade do custo das acción obxecto da axuda que non resulte financiado polo SGI.
- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

### **PRP2020/0762**

Vista a proposta da Área de Persoas Maiores, e tendo en conta o alto número de inscricións recibidas, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar Dona Ana M<sup>a</sup> Parada López o contrato menor para o desenvolvemento do Programa “ACTIVATE-QUENDA 2”, consistente en dous obradoiros enfocados ao envellecemento activo das persoas maiores, a desenvolver en dúas quendas ao longo do ano (a primeira entre o 4 de marzo ao 17 de xuño, e a segunda entre o 2 de setembro ao 30 de decembro de 2020, por un importe total de 5.630,40 € (IVE exento), con cargo á partida 2313.22634.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **CULTURA**

### **PRP2020/0825**

Vista a solicitude de Dona Rocio Louzán Blanco, como Presidenta do Centro Comercial Aberto de Vilagarcía de Arousa Zona Aberta, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso dos camerinos e seminario 1 do Auditorio Municipal, con motivo da celebración da IX Media Maratón Solidaria, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

- Seminario: 19 de novembro, en horario de 20:30 a 22:00 horas

- Camerinos: 22 de novembro, en horario de 10:00 a 13:00 horas.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### **PRP2020/0826**

Vista a solicitude de D. Joaquín González Iglesias, en representación de Vego Supermercados SAU, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal os días 30 de marzo e 1 de abril de 2020, durante todo o día, para a



celebración dunha xuntanza con diverso persoal, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Salón de Actos: 2 días x 264,70 € = 529,40 €

- Responsable de sala: 16 horas estimativas a 10,20 €/hora = 163,20 €

- Operario: 16 horas estimativas a 10,20 €/hora = 163,20 €

TOTAL: 855,80 €

Dar conta ao Departamento de Rendas

#### **PRP2020/0827**

Vista a solicitude de Dona María Jesús Fernández Cortegoso, en representación Cruz Roja Española, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario do Auditorio Municipal, os días 24 e 25 de abril e 2, 3, 9 e 10 de outubro de 2020, en horario de mañá, para a celebración de accións formativas:

- Primeiros auxilios en bebés e nenos: 24 e 25 de abril de 2020:

- Día 24, de 16:00 a 21:00 horas

- Día 25, de 09:00 a 14:00 horas

- Primeiros auxilios básicos: 2, 3 9 e 10 de outubro de 2020:

- Días 2 e 9, de 16:00 a 21:00 horas.

- Días 3 e 10, de 09:00 a 14:00 horas

Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2020/0828**

Vista a solicitude de D. Xurxo Abuín Rodríguez, en representación de Asociación VV.CC. de Rubiáns, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 14 de marzo de 2020, durante todo o día, para a celebración dun Festival Folclórico, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

#### **PRP2020/0829**

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de MM.RR de Fontecarmoa, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Material menaxe e limpeza	248,95 €	CASTROMAN I, SL
Concerto 4 de xullo de Arosa Bay	350,00 €	Asociación Musical Arosa Bay
Concerto 7 de novembro Amigos do Acordeón das Rías Baixas	400,00 €	Asociación Cultural Amigos del Acordeón Rías Baixas
Festival de Nadal o día 19 de decembro: Rondalla de Cariño Rondalla O Castro e Coral Cantigas o Castro	400,00 € 400,00 €	Asociación Cultural "Rondalla de Cariño" Asociación Cultural O Castro
TOTAL	1.798,95 €	

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/0830**

Vista a solicitude de Dona Paula Sal Coira, en representación da Asociación Cultural Lendaria, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 27 de xuño de 2020, durante todo o día, para a celebración do festival de danza a cargo da citada asociación, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Srá responsabilidade do solicitante ou organizador o control de aforo da sala solicitada, este caso 754 butacas.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

- O prezo das entradas e: Zona A 4 €; Zona B 3 € e Zona C 2 €, sendo a recadación para a solicitante.

#### **PRP2020/0831**

Vista a solicitude de D. Carlos Godoy Casalderey, en representación da Asociación Amencer-ASPACE, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, os días 26, 27 e 28 de marzo para a celebración dun Festival Solidario a beneficio do Centro de Atención Integral Princesa Letizia, debendo asegurarse do cumprimento

